

RÚBRICA PARA AVALIAR O TEXTO INFORMATIVO

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 BEN	1 INSUFICIENTE
<b>Presentación</b>	A tipografía empregada é axeitada, as cores seleccionadas contribúen moito a facilitar a comprensión do texto.	A tipografía empregada é axeitada, as cores seleccionadas contribúen a facilitar a comprensión do texto.	A tipografía empregada non é axeitada, as cores seleccionadas non contribúen a facilitar a comprensión do texto.	A tipografía empregada non é axeitada, as cores seleccionadas dificultan a comprensión do texto.
<b>Estrutura</b>	Desenvólvense todos os apartados do texto de maneira que todos os datos están no lugar que lles corresponde seguindo o esquema proposto.	Desenvólvense os apartados do texto de maneira que a maioría dos datos están no lugar que lles corresponde seguindo o esquema proposto.	Desenvólvense apartados do texto de maneira que algúns datos non están no lugar que lles corresponde. Non se sigue exactamente o esquema proposto.	Non se desenvolven os diferentes apartados do texto. Os datos non están no lugar que lles corresponde e non se segue o esquema proposto.

<b>Contido</b>	Seleccionáronse de maneira moi adecuada os datos máis relevantes con respecto ao tema tratado.	Seleccionáronse de maneira bastante acertada os datos máis relevantes do tema tratado.	Non se seleccionaron de maneira demasiado adecuada os datos máis relevantes do tema tratado.	A selección dos datos máis relevantes do tema tratado foi totalmente inadecuada.
<b>Ortografía</b>	No texto non se aprecian erros de tipo ortográfico, morfosintáctico nin de puntuación.	Aparecen un ou dous erros de tipo ortográfico, morfosintáctico ou de puntuación e son en palabras de uso pouco habitual	Aparecen tres ou catro erros de tipo ortográfico, morfosintáctico ou de puntuación.	Aparecen cinco ou máis erros de tipo ortográfico, morfosintáctico ou de puntuación en palabras de uso habitual
<b>Linguaxe</b>	Emprégase en todo o texto unha linguaxe clara e sinxela que facilita a comprensión.	Emprégase na maior parte do texto unha linguaxe clara e sinxela que facilita a comprensión.	No texto hai partes que non teñen unha linguaxe clara e sinxela e non son fáciles de comprender.	A linguaxe empregada non facilita a comprensión dos contidos.

